

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FEDERACIÓN DOWN GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO AVALIACIÓN DO ENVELLECIMENTO DAS PERSOAS CON SÍNDROME DE DOWN E DISCAPACIDADE INTELECTUAL NO 2022

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 60/2022, do 15 de maio, do seu nomeamento, o Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da xunta de Galicia, o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Don Delmiro Prieto González, con NIF 71497418D, presidente da federación, polo acordo da asemblea xeral de data 25/05/2019, actuando en nome e representación da Federación Down Galicia, con NIF G15665144, segundo o disposto no artigo 29 dos seus estatutos.

Interven en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para que no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 do outubro, de réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial



outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, de acordo co establecido no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

IV. Que a Federación Down Galicia, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións co número 1998/000003-2ª, conforme á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Así mesmo figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1284, tendo a misión de coordinar, apoiar e impulsar o labor de contribución das entidades membro á mellora da calidade da vida de cada persoa coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual e das súas familias, a través da inclusión social e da utilización dos recursos comúns da comunidade, asumindo o establecido na Convención de Nacións Unidas sobre dereitos das persoas con discapacidade.

A Federación Down Galicia ten como obxectivos:

- a) Impulsar que as persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais participen activamente nos procesos de adopción de decisións sobre políticas e programas, incluídos os que lles afectan directamente.
- b) Potenciar a constitución de Asociacións e/ou institucións que traballen para persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.
- c) Estimular as relacións entre os membros.
- d) Impulsar e potenciar os obxectivos das actividades dos seus membros.
- e) Estudar e promover disposicións legais que garantan os dereitos das persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.
- f) Establecer os programas e accións encamiñadas a promover estudos científicos sobre a Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.



- g) Promover e realizar campañas de información e mentalización social para difundir o coñecemento e a realidade das persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.
- h) Representar aos seus membros en cuestións de interese xeral ou a petición dos mesmos.
- i) Promover proxectos de inclusión escolar, laboral, social, programas de saúde e todos aqueles que favorezan o desenvolvemento persoal e a plena inclusión das persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.
- j) Xestionar subvencións ante os Organismos competentes de carácter autonómico, nacional ou internacional (públicos ou privados) para obter recursos para o seu mantemento e o funcionamento de todos os programas e servizos que desenvolve, coordina e promove.
- k) Establecer e manter relacións de colaboración con outras Organizacións que teñan obxectivos similares.
- l) Evitar e, se fose necesario, denunciar a todas aquelas entidades ou persoas que actúen en contra dos intereses das persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.
- m) Promover intercambios e encontros entre profesionais das distintas entidades relacionadas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, posibilitando o coñecemento das diversas experiencias que ao longo da xeografía nacional están levándose a cabo.
- n) Prestar apoio psicolóxico ás familias das persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, especialmente ás nais e pais con sobrecargas familiares.
- o) Fomentar a promoción da muller con síndrome de Down e outra discapacidade intelectual en todos os ámbitos. Fomentar todas aquelas políticas de discriminación positiva que promovan a inclusión social en todos os ámbitos (escolar, familiar, social, laboral...) das mulleres e homes con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.
- p) Promover e organizar actividades de lecer e tempo libre dirixidas a mozos con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, que fomenten a súa participación na



comunidade e por tanto a súa inclusión social. Para tal fin, constituirase unha sección xuvenil.

q) Promover a autonomía persoal das persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

r) Realizar actividades relacionadas coa formación permanente do profesorado no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

s) Calquera outro que, de modo directo ou indirecto, poida contribuír á realización dos fins da Federación.

t) Impulsar e promover a autonomía e a participación social e cidadá en accións de cooperación para o desenvolvemento, así como fomentar a educación para o desenvolvemento e a sensibilización da sociedade nas realidades dos pobos máis desfavorecidos, potenciando unha ética asentada en valores humanistas, de convivencia pacífica, tolerancia e igualdade entre todas as persoas, con especial consideración a aquelas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

u) Favorecer a inclusión social das persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais en todas as etapas da súa vida, evitando a súa exclusión social e aumentando a súa participación no mercado de traballo, para lograr unha igualdade real de oportunidades e conseguir a súa plena inclusión en todos os ámbitos (familiar, escolar, laboral e social).

v) Mellorar os mecanismos existentes para a defensa dos dereitos das persoas maiores con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais; proporcionar e promover accións de envellecemento activo e participación social, así como a prestación de servizos eficaces para mellorar a súa calidade de vida.

w) Promover a autonomía e a prevención da dependencia nas persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais

V. A esperanza media de vida das persoas coa síndrome de Down incrementouse de xeito significativo nos últimos anos; sen embargo, o verdadeiro reto reside tanto na súa calidade de vida, que lles vai a permitir manter a actividade e as maiores cotas de autonomía persoal (directamente relacionada coas oportunidades que a contorna social e familiar lles brinde para gozar de boa saúde e lles posibilite ser persoas produtivas), como dos factores biolóxico - xenéticos e da capacidade de adaptación da persoa, que será



maior canto maior sexan os recursos persoais e sociais adquiridos ao longo do seu ciclo vital.

As persoas con síndrome de Down experimentan un proceso de envellecemento acelerado, polo cal a partires dos 40-45 anos comezan a presentar trazos típicos da poboación envellecida. Por iso resulta fundamental tomar conciencia de que as persoas con síndrome de Down poden presentar diferentes patoloxías no seu envellecemento que precisan ser detectadas, diagnosticadas e tratadas igual que para o resto da poboación. Para tal fin é preciso anticiparse e ter datos suficientes relativos aos factores biolóxicos, psicolóxicos e sociais, contribuíndo deste xeito a diagnósticos máis fiables das patoloxías ligadas ao envellecemento.

VI. No marco dos servizos establecidos no Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, a Federación Down Galicia prevé levar a cabo o proxecto de avaliación do envellecemento das persoas con síndrome de Down e con discapacidade intelectual co obxecto de desenvolver accións de análise sobre a evolución e as necesidades do envellecemento das persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual, asegurándolles a adecuación dos seus recursos de atención e avaliación para facilitarlles maiores oportunidades de envellecemento activo e saudable que fomenten a súa independencia e autonomía persoal, así como que melloren a súa calidade de vida.

Este proxecto ten un carácter especializado e diferenciado con respecto as actuacións previstas no convenio asinado o 13 de maio de 2022 de concesión directa dunha subvención nominativa, e supón un incremento das actividades inicialmente previstas, polo seus destinatarios, xa que estará dirixido a persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual en etapa adulta, que teñan unha porcentaxe de discapacidade recoñecida superior ao 33% segundo a lexislación vixente, e residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, así coma as súas familias. A singularidade do proxecto radica en que está especificamente deseñado para a valoración e diagnóstico dos síntomas do procedemento acelerado do envellecemento das persoas con síndrome de Down.

As persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual, como un dos grupos socialmente máis desfavorecidos, necesitan dispoñer de servizos que melloren e garantan



a súa calidade de vida a todos os niveis e en todos os ciclos vitais, incluído o da etapa de envellecemento.

Conforme ao exposto, é de interese da Consellería de Política Social e Xuventude impulsar o desenvolvemento do dito proxecto de avaliación do envellecemento das persoas con síndrome de Down e con discapacidade intelectual de Down Galicia a través da concesión directa dunha subvención pública coa subscripción dun convenio de colaboración coa entidade.

VII. Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Down Galicia é unha federación de iniciativa social e de ámbito autonómico a que corresponde a representación dos intereses de todas as persoas con síndrome de Down e con discapacidade intelectual na Comunidade Autónoma de Galicia, e a prestación de servizos de calidade na súa atención.

Polo carácter especializado deste proxecto, Down Galicia é a única entidade habilitada para a súa execución, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula segunda, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude previsto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para a realización dun proxecto de avaliación do envellecemento das persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia das actuacións que a Federación Down Galicia (en adiante Down Galicia) desenvolve no ano 2022 para a realización dun proxecto de avaliación do envellecemento das persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual a través das actuacións que se describen na cláusula segunda.



Este proxecto ten por destinatarios a persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual en etapa adulta, que teñan unha porcentaxe de discapacidade recoñecida superior ao 33% segundo a lexislación vixente, e residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, así coma as súas familias.

SEGUNDA. Actuacións do proxecto subvencionables

As actuacións subvencionables durante o período de vixencia son:

1. Revisión do fondo bibliográfico.

A primeira fase do proxecto comprenderá as tarefas de revisión bibliográfica doutras investigacións sobre a materia rentabilizando os estudos, conclusións e liñas de actuación existentes. Todo o material é revisado e compartido entre os profesionais de Down Galicia que forman parte da comisión de envellecemento da entidade.

2. Acollida e presentación do proxecto.

A continuación procederá a facilitar toda a información relativa aos obxectivos, actuacións, motivación do deseño e posta en marcha do proxecto ás persoas destinatarias das súas actuacións a través de reunións, entrevistas e cartas informativas.

3. Avaliación do envellecemento das persoas usuarias.

Establecer protocolos de valoración e diagnóstico dos síntomas do proceso de envellecemento acelerado das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual, en torno aos 35 e 40 anos, a través da revisión do Protocolo de Avaliación e Seguimento do Envellecemento (protocolo ASE) e a súa aplicación ás persoas usuarias coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual.

4. Análise de datos e de necesidades.

Unha vez recollida a información segundo o establecido no protocolo de avaliación do envellecemento, procederá a facer unha análise exhaustiva dos datos recompilados.

5. Establecemento de liñas de actuación e recursos de apoio .

Unha vez obtidas as conclusións da análise de datos en cada entidade, será imprescindible darlle unha continuidade a través da identificación dos recursos e apoios que se consideran necesarios para dar resposta á atención das necesidades detectadas e referidas ás persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual que forman parte



dos servizos de Down Galicia. No novo escenario do aumento de esperanza de vida das persoas con síndrome de Down, é importante que estas persoas poidan contar co apoio que precisen para seguir desenvolvendo e mantendo as súas capacidades.

TERCEIRA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco do proxecto ten previsto desenvolver Down Galicia, é de 100.000 euros.

Para o cumprimento da súa finalidade a Consellería de Política Social e Xuventude achegará **cen mil euros (100.000,00€)** que serán imputados á aplicación orzamentaria 13.04.312E.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

CUARTA. Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver que conforman o proxecto, a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, se for o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscripta polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

QUINTA. Obrigas da entidade

1. Down Galicia deberá cumprir as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiaria previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

- a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.



- b) Acreditar a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases establecidas no convenio, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do proxecto a subvencionar a través deste convenio e nos lugares onde estas se realicen “subvencionado pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude” co seu respectivo logotipo.
- i) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Así mesmo, a entidade deberá cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno



SEXTA. Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SÉTIMA. Forma de pagamento

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 15% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 85% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades subvencionables.

Con carácter previo ao pagamento poderase consultar, salvo oposición por parte do interesado, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser entidade debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se for o caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA. Gastos subvencionables e xustificación



En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución do proxecto, así como o gasto corrente directamente relacionado coa actividade subvencionada, nos termos previstos na memoria económica.

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2022**.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibo da persoa provedora.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000,00 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibo da persoa provedora.

A presentación da conta xustificativa levarase a cabo unha vez rematadas todas as actividades do proxecto e en todo caso con data límite 10 de decembro do 2022, aportando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

- a) Unha memoria final das actuacións desenvolvidas en execución do proxecto subvencionado a través deste convenio, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, número de persoas beneficiarias en cada actividade, e demais aspectos que se consideren relevantes.
- b) Unha memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - 1º. Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos.



2º. Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación da persoa acreedora e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.

3º. Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas pola entidade.

4º. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada a través deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

5º. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de gastos de importe superior a 15.000 €, deba ter solicitada a entidade beneficiaria.

6º. Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

c) A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por unha persoa **auditora de contas** inscrita como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, aportarase o **informe da revisión efectuada pola persoa auditora de contas**, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

1º. Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións subvencionadas en execución do proxecto previstas na cláusula primeira, como en relación aos conceptos de gasto considerados como subvencionables.

2º. Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada na letra b), conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes. Conforme ao previsto no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria da subvención deberá marcar cun selo ou sistema similar de marcado, os documentos



orixinais xustificantes do gasto, indicando "Subvencionado pola Consellería de Política Social e Xuventude", e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.

3º. Verificación do cumprimento do disposto na cláusula décimo segunda en relación coas actividades subcontractadas, no seu caso.

4º. Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula e na cláusula sétima deste convenio.

5º. Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.

6º. Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado o financiamento das actuacións obxecto do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.

A persoa beneficiaria da subvención estará obrigada a pór a disposición da persoa auditora de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a conservarlos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Exceptúase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento das nóminas de decembro, TC's da Seguridade Social de novembro e decembro e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2022, que se presentará mediante addenda ao informe da auditoría na primeira quincena de febreiro de 2023.

Con carácter previo a calquera pagamento consultarase o cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa AEAT nin coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, salvo oposición expresa da entidade. De



opoñerse á consulta terá que achegar os certificados de cumprimento de obrigas tributarias previo a calquera pagamento.

Toda a documentación xustificativa deste convenio deberá ser asinada pola persoa responsable de Down Galicia.

NOVENA. Incumprimentos, reintegros e sancións.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade a subvencionar a través do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMA. Inexistencia de relación laboral

Para levar a cabo os obxectivos e fins do proxecto que se subvenciona a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento do presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actividades



citadas.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e Xuventude e as persoas que realicen as actividades obxecto do proxecto a subvencionar, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do proxecto.

DÉCIMO PRIMEIRA. Subcontratación

Down Galicia é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución parcial de actividades, ata unha porcentaxe do 70 por cento do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio, para a debida execución das actividades programadas, de acordo co recollido na memoria económica.

Down Galicia, no seu caso, comunicará, a subcontratación á Consellería de Política Social e Xuventude. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO SEGUNDA. Comisión de seguimento

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio creárase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Xuventude e dúas persoas representantes de Down Galicia, designadas por cada unha das persoas asinantes do convenio, así como as persoas que asumirán a súa suplencia.

A dita comisión será presidida por unha das persoas representantes da administración, designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, ocupando a secretaría unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de



organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA. Vixencia

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

Non obstante, os gastos das accións englobadas no proxecto que realizase Down Galicia dende o 1 de xaneiro de 2022 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Xuventude.

DÉCIMO CUARTA. Obrigas da publicidade

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións

DÉCIMO QUINTA. Información básica en materia de protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 do abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de



estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento de concesión directa da subvención a través do presente convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no propio convenio.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

DÉCIMO SEXTA. Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.



A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo dun mes; se o acto non fora expreso, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso- administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio no lugar e data de sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e
Xuventude

O presidente da Federación Down Galicia

Fabiola García Martínez

Delmiro Prieto González

